



Avisos Varios

*A mediados do mes de setembro está previsto a contratación de 5 novas auxiliares de axuda a domicilio a través do INEM(Os interesados deben estar inscritos).Para máis información estean atentos ó **Taboleiro de Anuncios** ou á **páxina web**.

Feira

* Este mes a feira será o 4 de setembro, e contaremos con máis tendeiros e máis oferta gastronómica. Debido a que coincide coa festividade do Rosario desprazaremos os postos á pradaría sita enfronte da praza.

Programa Tempo de Lecer

Para poder facer un previsión do núm. de alumnos/as así como do custo do transporte e merenda precísase que os pais/nais interesados/as en anotar ós seus fillos/as nas actividades o fagan no Concello antes do 17 de setembro.

As actividades darán comezo no mes de outubro, antes desta data haberá unha reunión cos pais/nais para darlles toda a información sobre as actividades.

Centro de Maiores

* O servizo de transporte ó Centro de Maiores volverá a funcionar a partires do 1 de setembro cos horarios de costume.

O horario do centro será como sempre, de 9:00 a 13:30 pola mañá e de 16:00 a 19:00 pola tarde.

Cultura e Deportes

* **Teatro de Rúa:** o día 5 de setembro ás 17:00 na Casa da Cultura. Para todos os públicos. Actuarán malabarista e mimos.

* **Contacontos para maiores** o día 20 de setembro no Centro de Maiores a iso das 12:15h.

* **IV Carreira Pedestre e IV Canicross:** Como xa ven sendo habitual neste mes de setembro celebraremos a Carreira Pedestre e a Carreira de Canicross, ámbalas dúas son xa competicións asentadas no programa deportivo galego e contan con gran participación.

Este ano terá lugar o domingo 19 de setembro no mesmo circuíto que nas edición anteriores.

O horario das probas será o seguinte:

- 09:30h. CANICROSS POPULAR
- 10:20h. CHUPETE

- 10:30h. PREBENXAMÍN
- 10:45h. BENXAMÍNS e ALEVÍNS
- 11:00h. INFANTÍS e CADETES
- 11:30h. XUVENIL, XUNIOR, PROMESA, SENIOR e VETERÁNS
- 12:45h. ENTREGA DE PREMIOS

No transcurso das probas faranse cortes de circulación nas seguintes estradas:

*Na CP-1004 (Estrada Boimorto-Lanzá) entre a Casa do Concello e o Camiño do Boido. Dende as 9:00 ata as 10:00 e dende as 11:00h ata as 12:30.

*Na CP-1002 (Rúa Vilanova, Rúa Asientos e Rúa Praza Campo do Rosario) entre a Casa do Concello e o Café/Bar Cardelle dende as 09:00 ás 13:00. **INSCRICIÓNS** ata o venres 17 de setembro de 2010 ás 22:00 horas.

As bases estarán a disposición dos interesados na Casa do Concello ou ben na [páxina web www.concellodeboimorto.es](http://www.concellodeboimorto.es).

***Camiño de Santiago:** O Concello de Boimorto en colaboración co Concello de Mesía organiza unha peregrinación andando a Santiago de Compostela en 4 etapas dende Sarria.

Contarase con autobús de apoio e farase os sábados 18 e 25 de setembro e o 2 e 9 de outubro (Reservándose o 16 de outubro no caso de que faga mal tempo algún dos outros días).

Percorrerase unha media de 24 Km ata completar os 113 Kms.

O prezo por persoa será de 40 € e deberá haber un mínimo de 10 e o máximo é de 20 persoas. Cada un dos

participantes terá que se facer cargo do seu almuerzo(bebidas e comida).

Inscribirse antes do 6 de setembro no Concello(o pago realizarase o martes 7.)

***Ximnasia nas parroquias:** O luns 4 de outubro de 2010 darán comezo as clases de ximnasia polas parroquias.

O prazo de inscrición estará aberto do 1 ao 27 de setembro. Unha vez rematado este prazo decidirse en que parroquias se vai levar a cabo, xa que para realizala deberá haber un mínimo de 8 persoas inscritas.

Astro Galicia 2010

Os vindeiros **10, 11 e 12 de setembro de 2010** terá lugar a reunión anual de Astro Galicia no noso Concello. Todos os interesados en iniciarse na astronomía teñen unha gran oportunidade de facelo no noso Concello.

A inscrición pódese facer en www.astrogalicia.org.

Haberá charlas, obradoiros de iniciación, manexo de telescopios e Astrofotografía, Xornadas de observación estelar, ...

Previo ás xornadas haberá unha demostración organizada por Astro Galicia o 3 de setembro a partir das 10 da noite na praza Campo do Rosario.

Animádevos a participar xa que é unha oportunidade única de entrar no trepidante mundo da Astroloxía, unha especialidade na que queda moito por "descubrir".